


INFORMACIÓN SOBRE O RADÓN

A RADIACIÓN NATURAL

A radiación natural forma parte do medio ambiente e os seus principais compoñentes son as radiacións cósmicas, as procedentes dos radionucleidos, presentes en chans e rocas, e as das substancias radioactivas, que se atopan nos alimentos, a auga e o aire.


A contribución das distintas fontes de exposición, orixe natural e artificial, á dose recibida pola poboación, depende de gran número de variables



A radiación natural varía dunhas zonas a outras, así as radiacións cósmicas, procedentes do espazo exterior, varían coa altitude e a latitude (aumentan) e a presenza de determinados minerais no terreo tamén a aumentan (granito, fosfatos, carbón etc.)

O RADON E A SÚA IMPORTANCIA

O Radon, é un gas incoloro, inodoro e insípido, que procede da descomposición do uranio e desintégrese coa emisión de partículas enerxéticas alfa (α).




Categoría	Exposición potencial	Tasa de exposición gamma (μ R/h)
0	Baixa	<7,5
1	Media	7,5 - 14
2	Alta	>14

Clasificación das zonas xeográficas en categorías de exposición potencial ao radon segundo o seu nivel de radiación gamma natural.

COMO ENTRA O RADON NOS EDIFICIOS

O Radon ascende dende o chan ao aire entrando nos edificios a través de fendas ou buracos e, como é un gas máis pesado que o aire, acumúlase no interior dos locais podendo alcanzar niveis altos de concentración



COMO REDUCIR O RADON NOS EDIFICIOS

Os niveis de Radon no interior de edificios pódense reducir usando métodos entre os que se inclúen:

- ✓ Selado de fendas.
- ✓ Sistemas de selado de espazos entre o solado e os cimentos.
- ✓ Sistemas de ventilación que dirixan o aire desde materiais baixo o edificio cara ao exterior.
- ✓ Sistemas de renovación do aire no interior dos edificios.
- ✓ Ventilación natural dos locais

LEMBRE

A ventilación diaria da súa vivenda, lugar de traballo etc., é un factor de protección da súa saúde

EFFECTOS DO RADON SOBRE A SAÚDE

O Radon, en certas doses, é considerado canceríxeno pola Organización Mundial da Saúde (OMS), de acordo coa Axencia Internacional de Investigación do Cancro (IARC).

A presenza de Radon e derivados no aire aumenta a posibilidade de desenvolver un cancro de pulmón.

Canto maior é a exposición ao Radon, maior é a probabilidade de desenvolver un cancro de pulmón.

Ser fumador aumenta enormemente as probabilidades de desenvolver un cancro do pulmón debido a que moitos dos produtos da desintegración do Radon adhírense aos produtos do tabaco.

CONTROIS MÉDICOS DA SAÚDE

Na UDC estanse realizando controis médicos ao persoal exposto, consistentes en:

- ✓ Historia clínica completa
- ✓ Anamnese mediante cuestionario específico e exploración.
- ✓ Analíticas especiais tipo RAD
- ✓ RX tórax PA e lateral a criterio médico e voluntaria para o/a traballador/a

INFORMACIÓN

Servizo de prevención de Riscos Laborais
REITORÍA. Rúa da Maestranza, 9. Andar 1º 15001 - A CORUÑA
Tel.: 981 167 000. Enderezo Electrónico: prl@udc.es